



COSTA DA VELA

Club de Montaña O Carroucho

www.carroucho.org

18 XUÑO 2022

Lembrámosvos que esta actividade só inclúe o seguro de transporte

Próxima Ruta:
RIBADAVIA E XANTAR
16 XULLO 2022

DATOS BÁSICOS

Comezo : Praia Castiñeira
Remate: Donón
Distancia lineal: 19,5 km.
Duración aproximada: 5 horas
Dificultade: Media.
Altura Máxima: 164 m.
Altura Mínima: 20 m.
Desnivel positivo: 531 metros
Desnivel negativo: 471 metros

O bus deixanos preto da Praia de Castiñeira e de Area Brava, complexo dunar na península do Morrazo despois de pasar o carón da súa igrexa Santo André de Hio e o seu peculiar cruceiro. A península do Morrazo ten uns 40 km de lonxitude por 10 km de ancho, e separa as rías de Vigo e Pontevedra. Xeoloxicamente falando é un exemplo de Horst, isto é, que a elevación do terreo que a conforma debeuse ó fundimento das rías que




separa, como se dixo, as rías de Vigo e Pontevedra. Santo André de Hio, modificada en 1788, conserva a



Ancorado nas escarpadas pedras graníticas da punta, a súa contorna e a paisaxe que ofrece son de primeira orde. Dende aquí á nosa dereita a ría de Aldán e á fronte o Cabo de Udra, mirando cara ao norte poderemos ver a illa de Ons e á nosa esquerda comeza a parte da Costa da Vela. Xa na antiguidade este lugar asomado espectacularmente en acantilados de mais de 150 metro sobre o mar era un lugar de peregrinación. A beleza dos miradoiros marinos xunto coas praias e os xacementos arqueolóxicos seguen sendo na actualidade os atractivos deste excelente destino natural ente as rías de Vigo e de Pontevedra. No ano 1617 houbo unha invasión dos turcos e deberon quedar algúns deles porque teñen privatizada o acceso ao faro e colonizada gran parte do monte e costa que a bordea, co cal unha vez visto o faro teremos que volver por onde viñemos ata a aldea de Vilanova onde volveremos a adentrarnos no bosque para poder regresar á zona costeira.

primitiva fachada románica do século XII, os muros da nave e da interesante portada principal. No tímpano aparece unha grande Cruz de San André e dous pequenas figuras ó seus lados. Sobresae tamén a colección de canecillos decorados con graciosas figuras que se dispoñen ó longo do alero. Ó lado encóntrase o Cruceiro de Hio. A súa talla representa dramáticamente os momentos máis significativos da vida humana, dende a creación ata a redención, de forma simbólica. A iconografía é barroca. O propio simbolismo das figuras está discutido. A escena principal representa o descendemento e o desencravado de Cristo. A figura central é Xesús, xa morto, que están baixando da cruz suxeito cunha tela pasada por debaixo dos brazos. Dous homes están subidos a unha escada á altura dos brazos da cruz. Son Xosé de Arimatea (propietario do sepulcro onde vai enterrarse a Xesús) e Nicodemo (un fariseo próximo a Xesús), ata baixalo ás máns de San Xoán, quen ó pé da cruz, o toma polas pernas. San Xoan está a o carón da Virxe María e María

Seguiremos por carreiros ata chegar á lomba do monte facho onde poderemos atopar algún petróglifo e posteriormente, a uns 180 m de latitude, alcanzaremos a cima do mesmo. Estamos ante un dos miradoiros mais bonitos do mundo, ao norte as Illa de Ons onde en 1964 recalou o antropólogo sueco Staffan Mörling que dedicou parte da súa vida ás embarcacións tradicionais galegas. Ao sur, a cos seus escapados cantís a costa dá Vela. Ao sur-oeste as Illas Cies, unha marabilla da natureza. Baixamos ata a aldea de Donón, onde poderemos tomar unha cervexa a sua saúde ao final do roteiro. Seguimos camiñando polo borde da costa ata chegar ata o faro de Cabo do Home, fronte as Cies, un pouco máis ao leste vemos outro faro de cor vermella e branco que é o de Punta Robaleira, á beira unha pequena cala, un pouco máis adiante á beira dun piñeiral a praia de Melide que se imos con tempo tentaremos comer aí. Seguimos bordeando a costa ata a seguinte punta onde está o faro Subrido, Comezamos unha pequena subida/baixada que nos deixará unha impresionante vista das praias de Nerga e Barra, bordearemos esta última e pasaremos por un complexo dunar ata volver ao pobo de Donón onde finaliza o noso roteiro de hoxe.



MONTE FACHO